

A ASUNCIÓN EN SARRIA

A Asunción chegou a Sarria no ano 1965. Contamos coa axuda do Señor Bispo D. Antonio Ona de Echave e do alcalde de Sarria D. Jesús Vázquez.

O obxectivo da fundación era axudar á promoción social e cultural do pobo galego, especialmente nas zonas rurais. Para iso era necesario crear un centro de ensino que abarcase desde párvulos ata o bacharelato onde puidesen ter acceso os fillos da vila de Sarria e os habitantes de aldeas próximas.

Empeza o colexio o 11 de outubro con 72 alumnas na casa do Marqués prestada ata a construción do edificio actual. O traballo realizouse en estreita colaboración cos pais das alumnas. Desde o principio as irmás colaboraron tamén coa parroquia, primeiro a de Santa Mariña e despois a de Nosa Señora do Rosario.

No curso 68-69 constrúese un internado (Escola Fogar) con capacidade para 110 alumnas internas. Sáese ao paso de ofrecer a posibilidade de estudar a nenas das aldeas e a fillas de emigrantes e que viven cos seus avós. Xorde unha nova relación coas aldeas e tres relixiosas instálanse en Ventisca. Máis tarde trasládanse á casa da Escola de A Veiga; alí contan con abondo espazo para reunir a mozos, estreitándose a relación entre o Colexio da Asunción, a vila de Sarria e as aldeas ata o ano 1978.

Un sacerdote da zona de Samos, Miguel Gómez, con gran vocación polo mundo rural, funda o patronato *O Noso Lar* para potenciar este traballo nas aldeas. Unha das irmás da Asunción forma parte deste patronato e desde ese momento dúas irmás seguen colaborando na pastoral rural.

En 1986-87 coas novas leis educativas o colexio vai transformándose progresivamente en concertado, desde primaria, secundaria e máis tarde infantil.

En 1999 péchase o internado. As nenas das aldeas utilizan o transporte para desprazarse aos colexios.

O centro actualmente acolle alumnos de 3 a 16 anos, nos niveis de infantil, primaria e secundaria. Un total de 300 alumnos e 25 profesores. E no ano 2015 celébranse os 50 anos da fundación.

A ASUNCIÓN EN SARRIA



**En 1965 A Asunción
chega a Sarria.**

**En 2015 celébranse as
vodas de ouro.**



**A vila crece e respirase
a misión da Asunción**

Primeiras leccións da M. M^a Elisa ás primeiras alumnas da Asunción ataviadas co uniforme. Mentres, as obras avanzan.



...e o soño pouco a pouco, con mimo e esforzo, faise realidade

...e segue crescendo para dar resposta ás necesidades do entorno: internado e comedor escolar.

Desde, en e coa Asunción lévanse a cabo múltiples actividades

Trofeo Vila de Sarria de Ximnasia Rítmica



**Camiño de Santiago
no Ano Santo 1999.**



**Eucaristía de inicio de curso na Catedral de Lugo presidida polo Sr. Bispo con todos os
alumnos e persoal do Centro. Setembro 2013.**

